

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA UN DE XUÑO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día un de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e cinco de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes


2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 600/10 de don Juan Torre Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a reforma e ampliación da vivenda unifamiliar, situada en Outeiro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1; Altura máxima de cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José L. Estévez Suárez cun orzamento de 10.246,54 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións; construírse de acordo co proxecto presentado. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1624/1997, de 24 de outubro, polo que se es-



tablecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos catro euros con noventa e tres céntimos(#204,93#)

2.2.- Instancia num. 721/10 de don Luís Carbia Rosende

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 60 m2 de planta, consistente en cambiar o tellado existente colocando uralita e tella, situada en Xián, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1624/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito (#45,68#)

2.3.- Instancia num. 728/10 de don Manuel López Mouro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 63 m2 en planta, consistente na colocación de uralita e tella, situada en San Pedro de Sarandón, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma nin se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e sete euros con noventa e sete céntimos (#47,97#)



2.4.- Instancia num. 733/10 de don Gumersindo Camino Millán

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun peche de parcela con postes e maia de arame, dunha lonxitude aproximada de 232 mts lineais, no lugar de Caldelas, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nive IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o peche irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e catro euros com trinta e cinco céntimos (#144,35#)

2.5.-Instancia número 398/10 de don José Villaverde Sánchez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Cibrán (San Xián de Sales) solicita licenza para parcelación e agrupación, en 3 fincas resultantes, de fincas ubicadas no mencionado lugar de Cibrán (San Xián de Sales), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por don Juan Manuel Hermida Vázquez en calidade de Enxeñeiro técnico agrícola e de data 23 de marzo de 2010..

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Cibrán da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00) euros.

2.6.- Instancia num. 654/10 de dona Rosa María Galán Piñeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, expón que no ano 1999 concedeuselle licenza para a construción dunha vivenda en Laraño (licenza num. 178/99), e rematada a mesma e achegando a documentación preceptiva, de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de primeira ocupación



3º.- Acordo, se procede, sobre tramitación expediente promovido por Unión Fenosa Distribución, S.A para reforma de liña de media tensión aérea

Dáse conta do expediente promovido por Unión Fenosa Distribución, S.A para reforma de liña de media tensión aérea nos termos do proxecto presentado denominado LMTA DC Paizás -Ponte Ulla ó seu paso por este concello de Vedra

Dáse conta , asimismo, da exposición ó público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 4 de maio de 2010 e no Taboleiro de Edictos do concello, durante o que non se presentaron alegacións, e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de abril do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións que se están a levar a cabo por don Jesús López Ferradán, consistentes en construción de peche en Sete por non axustarse ás condicións establecidas na licenza concedida, ó tempo que se ordena a suspensión inmediata dos mencionados actos.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de maio do ano que andamos, pola que se en relación co expediente de reposición de legalidade por obras levadas a cabo por don Jesús López Ferradán en Sete, dado que as obras non son legalizables ordénase a demolición do cerramento no prazo de 1 mes

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de maio do ano que andamos, pola que en relación coas obras que se están a levar a cabo en Ortigueira , consistentes na construción de albio na parcela 1062 do plano de concentración parcelaria de Ribadulla, ó parecer polos herdeiros de don Manuel López Noya, acórdase incoar expediente para a adopción de medidas de reposición de legalidade urbanística e ordénase a suspensión inmediata das mesmas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de maio do ano que andamos, pola que se acorda designar a don Javier García Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións, como coordinador de seguridade e saúde das obras do POS 2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de maio do ano que andamos, pola que se acorda solicitar subvención para a elaboración



dunha unidade didáctica H=M Igualdade de oportunidades (Liña 1: Promoción da Igualdade) e un Obradoiro de autoestima (Liña 2: Prevención e e tratamento integral a violencia de xénero), ó abeiro da Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG num. 80/10, do 29 de abril)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de maio do ano que andamos, pola que se autoriza a realización de fogueiras e sardiñadas con motivo do día de San Xoán a aquelas persoas que formalicen a súa petición presentando a debida solicitude no rexistro do concello, onde se lles fará entrega das medidas de prevención que deberán adoptar para evitar o risco de incendios

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outro asuntos

5.1.- Anulación factura

A Xunta de Goberno acorda anular a factura num. 300.250 de Artes Gráficas Litonor aprobada na Xunta de Goberno en sesión celebrada o vinte de abril do ano que andamos, por dipticos, vinilos, carteis e diplomas para a festa da camelia, ó tratarse dun gasto da Asociación Amigos da Camelia

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta minutos

